



CONCELLO DE  
TOÉN

# III CONCURSO FOTOGRÁFICO CALENDARIO DO CONCELLO DE TOÉN 2018

O CONCELLO DE TOÉN CONVIDA A TÓDOLOS VECIÑOS/AS DO CONCELLO A PARTICIPAR COAS SÚAS MELLORES FOTOS NO III CONCURSO FOTOGRÁFICO "CALENDARIO DO CONCELLO DE TOÉN 2018"

PARTICIPA COAS TÚAS FOTOGRAFÍAS REPRESENTATIVAS DO NOSO CONCELLO: PATRIMONIO, FESTAS, PAISAXES, COSTUMES...

**A FOTO GAÑADORA SERÁ A IMAXE DO CALENDARIO 2018 QUE O CONCELLO DISTRIBÚE TODOS OS ANOS ENTRE A VECIÑANZA**

**PREMIOS PARA AS 3 MELLORES FOTOS!**

- Envía as túas fotos a [concello.toen@eidolocal.es](mailto:concello.toen@eidolocal.es) ou deposítaas nun sobre no Concello de Toén co teu nome e apelidos, correo electrónico, teléfono de contacto e unha breve descrición da foto (onde foi feita, que representa, etc).
- **O prazo remata o 31 de outubro**
- Bases dispoñibles en [www.toen.gal](http://www.toen.gal)



Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - [www.toen.es](http://www.toen.es) - [concello.toen@eidolocal.es](mailto:concello.toen@eidolocal.es)



## **III CONCURSO FOTOGRÁFICO CALENDARIO DO CONCELLO DE TOÉN 2018**

### **BASES**

#### **1. PARTICIPANTES**

*Poderán participar todas as persoas que o desexen sempre que cumpran os seguintes requisitos:*

- *Ser veciño/a do Concello de Toén*
- *Ser maior de idade ou menor cunha autorización asinada polos seus pais ou titores.*

*Non poderán participar os membros da Corporación, os traballadores municipais nin familiares dos anteriores de primeiro grao en liña descendente ou ascendente.*

#### **2. TEMÁTICA**

*As imaxes presentadas deben de ter por temática calquera aspecto relacionado co Concello de Toén (costumes, paisaxe, patrimonio, tradicións, festas...). Deberase identificar claramente algún elemento que permita recoñecer o Concello de Toén na fotografía.*

*Todas as fotos deben de acompañarse dunha breve explicación da súa localización e do que representan.*

#### **3. PRAZO DE ENTREGA**

*As imaxes poderán presentarse ata o día 31 de outubro de 2017.*

*A entrega das fotografías pode facerse tanto en papel como en formato dixital e cun límite máximo de 5 fotografías.*

*Cando faga a súa entrega deberá indicar os seus datos persoais (nome, apelidos, DNI, enderezo e, no seu caso, autorización dos pais ou titores) e da forma de contacto (teléfono e enderezo electrónico).*

*As fotos poden entregarse:*

- *No rexistro xeral do Concello de Toén nun sobre pechado indicando 'III Concurso fotográfico Calendario Concello de Toén 2018'*
- *Enviando un correo electrónico ó enderezo [concello.toen@eidolocal.es](mailto:concello.toen@eidolocal.es)*

#### **4. SELECCIÓN DAS OBRAS**

*Un xurado nomeado pola Alcaldía seleccionará as 12 fotografías finalistas de entre as cales elixirá as 3 premiadas. O xurado será o encargado de decidir cantas delas serán as imaxes do calendario 2018 do Concello de Toén, tendo a primeira garantida a súa publicación.*

*Os seus autores serán notificados con anterioridade a súa publicación.*



#### 5. PREMIOS

*As tres mellores fotografías serán premiadas cun vale para a adquisición de material fotográfico ou informático, que terá que ser trocado antes do día 01/02/2018, polos seguintes importes: 1º premio 80,00 € e 2º e 3º premio 60,00 €.*

#### 6. OBXETIVO E PUBLICACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

*O obxectivo é elixir a/as imaxe/s para o calendario 2018 do Concello de Toén. Ademais todas as fotografías que se presenten ao concurso poderán ser empregadas para exposicións culturais que organice o Concello de Toén.*

#### 7. DEREITOS SOBRE AS FOTOGRAFÍAS

*A participación no concurso conleva a cesión a favor da organización, por parte dos concursantes, dos dereitos de reprodución e exposición sobre as obras fotográficas, sempre e cando se empreguen para a promoción do Concello de Toén e sempre sen ánimo de lucro.*

*A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases. Os participantes serán plenamente responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como de toda reclamación sobre posibles dereitos de imaxe.*